

“A posibilidade de chamarlle casa”. Marta Orriols

Tina, veterana correspondente de televisión no Líbano, decide volver á casa, en Catalunya, logo dunha crise persoal. A volta ao ámbito familiar, onde a esperan unha nai distante, unha irmá perfeccionista e un pai que empeza a sufrir os danos da demencia, será máis difícil do agardado.


“Pel de cordeiro”. Leticia Costas

Leticia Costas afonda no espertar sexual, na violencia e na maxia con grandes doses de fantasía. Unha novela hipnótica, que explora o erotismo e a escuridade e nos envolve nunha atmosfera tan terrible como preciosa.



“Narrativa reunida”. Luísa Villalta

Estas tres obras, fulcrais na construción da personalidade intelectual e creativa de Luísa Villalta, son unha mostra do seu compromiso coa escrita e a sociedade que lle tocou vivir, onde, como ela dixo, “as palabras son enerxía contra o tempo e o único depósito fiábel para a esperanza”.





“Historia de Mentes”. Arantxa Portabales

A mente do ser humano, no medio da excepcionalidade, perfectamente reflectida grazas á habitual capacidade da nova “dama da novela negra” para engancharnos desde o primeiro momento, con austeridade narrativa pero coa carga emocional necesaria en cada liña.



“Así fala Penélope”. Marta Dacosta

A proposta é un apaixonado percorrido que Dacosta propón a través da escrita contemporánea das mulleres galegas. Trátase dun proxecto inédito: unha antoloxía de xénero onde os nomes e as cronoloxías trenzan un relato comunal con poemas que nos descubren como elas, con frecuencia, recoseron as palabras usadas para facelas lucir dun xeito distinto.



“Sibarís”. Domingo Villar

Trátase dunha reflexión aguda, cómica, ás veces desapiadada, mais sempre lúcida, arredor da literatura e de todo o que a rodea.

“A Fuxida”. Cristina Rey

A fuxida conta a historia de Sumailla e a súa familia andina, pero non só, pois, como apunta o xurado “ensambla a historia colonial coa realidade galega da emigración desde unha visión crítica, abordando cuestións como a desigualdade social, o abuso de poder, a familia ou a amizade. É unha novela de protagonismo feminino que incide na necesidade dos lazos de sororidade para afrontar as situacións máis difíciles da vida.



“Memoria para Xoana”. Marica Campo

Non exenta de crítica social, esta historia, encadeada sobre a maternidade ao longo de distintas xeracións dunha familia, é tamén unha historia colectiva, e como tal relativiza as “verdades absolutas” dunha época, e anima a loitar pola propia felicidade e transformar a sociedade máis aló de convencionalismos.



EPA BERBÉS
VIGO


Suxestións
Lectoras
Verán 2024



Un verán de aventura...
coa lectura


Web:

<https://epavigo.es/biblioteca>



“Nin che conto” Xosé M. Eyré

Para coñecer e gozar da micronarrativa.




Poetas na cociña IV

Certo estou que concordarán comigo que a infancia é a patria do poeta, xa que logo o neno é o pai do home, en canto que a pureza e a inocencia-aínda que a maldade existe e tamén se presentiza máis do que desexariamos- non debe afogar os sonhos.




“Osa”, José Ramón Alonso

O ciclo da vida e o da natureza fúndense nun relato tenro sobre a maternidade presentada como un acontecemento natural e sereno, un momento único de especial conexión entre unha nai e a súa cría. As ilustracións, delicadas, metafóricas e de gran forza poética e narrativa, cativarán lectores e lectoras de todas as idades.



“O teu perfil na miña sombra”. Rexina Vega

O teu perfil na miña sombra" non é exactamente unha narración, tampouco un libro de poesía nin un ensaio, pero baixo a forma de diario recolle todos eses rexistros para indagar nun dos temas esenciais da reflexión sobre o "ser muller": a maternidade.



“Encrucillada XX”.

Luar na lubre

Encrucillada es el vigésimo álbum de Luar Na Lubre, un regalo para su público en forma de libro (divulgativo de su recorrido de casi cuarenta años en la historia de la música popular en Galicia)




“Na saia dos espellos”

Dende a emperatriz austríaca Sissi até as Kardashian, Liv detense a observar como os espellos, esas ferramentas puidas, domean o mundo actual a base de dopamina e likes, xa que... acaso o smartphone non é unha nova versión do espello da madrastra?

“As alumnas”, Paula Carballeira.

Importancia das decisión que se toman. Medo, rebeldía e...teatro.



“Faíscas”. Xoán Carlos Domínguez Alberte

Texto poético e imaxe plastica entretécen un xogo de olladas complementarias que proxectan agudas intermitencias de enerxía positiva que resultan de todo necesarias para lles facer fronte a algúns dos máis rexos pesadelos da existencia.


“Cinza”. Manuel Cráneo

A morte asalta o protagonista desde cativo; o sexo xórdelle como premio inalcanzable; a amizade corre paralela a unha violencia que ensombrece a vida do neno e do adolescente;



“Acrópole” Fillas de Cassandra

Sempre dende un punto de vista feminista e actual, as súas composicións van do emocional ao vibrante e despreocupado sen esquecer o activismo, logrando conectar cun público interxeracional. O piano e as diferentes percusións están apoiados en bases electrónicas que, malia o seu potente son, capaz de crear atmosferas por si mesmas.



“Revolución chic”. Brais Morán

O título díó todo: música para incendiar as pistas de baile, deixarse cegar polas bólas de espellos e, por que non, engadir un pouco de glamur ás nosas grises existencias. Cunha carpeta que fai que suba a febre nun sábado noite e unha produción brillante que parece que estivera o mesmo Nile Rodgers aos mandos.